



## Juan de Dios Martín Velasco

---

Andrés Torres Queiruga

Todas as mortes son significativas, pero cada unha éo á súa maneira. E a de Juan de Dios Martín Velasco (Santa Cruz del Valle, Ávila, 1934 - Madrid, 2020) representa moi ben a gloria, a miseria e a esperanza da xeración dos que, nados antes do Concilio, viviron a fondo a revolución teolóxica e pastoral que supuxo para a Igrexa. Despois dos estudos en Madrid, entrou en contacto vivo coa renovación en curso na teoloxía europea, doutorándose en Filosofía da Relixión na Universidade Católica de Lovaina, e facendo tamén estudos de Teoloxía Fundamental e Ciencias da Relixión en Friburgo.

Volto a España, entrou con forza na renovación teolóxica e pastoral, como profesor de Fenomenoloxía da Relixión (a súa máis fonda e querida especialización) na Universidade de Salamanca e na Facultade de Teoloxía San Dámaso, en Madrid. Unido a iso, dirixiu durante 16 anos o Instituto Superior de Pastoral de Salamanca en Madrid, onde durante 11 foi reitor do Seminario, cun novo estilo e unha viva proxección pastoral.

No posconcilio, en tempo de Paulo VI, antes da chegada de Xoán Paulo II e Bieito XVI, co Cardeal Tarancón en Madrid, a súa era unha presenza moi central, en colaboración cun nutrido grupo de teólogos e pastoralistas (entre eles, o noso Xulio Lois). Foron tempos de vida e esperanza na igrexa, e sábese que Tarancón o tiña *in pectore* como sucesor para seguir abrindo futuro. Os soños son así. Todo se trincou coa chegada do que pronto sería cardeal

Suquía e do seu sucesor Rouco. Foi o tempo da desfeita sistemática (recordo que, cando ao comezo, llo prognostiquei desde a miña experiencia en Santiago, non me cría; máis tarde recoñeceu que me quedara curto).

Esta situación, que soubo asimilar cunha envexable serenidade, fixo que se dedicase máis plenamente ao cultivo do pensamento relixioso. Profundamente crente e centralmente identificado coa especificidade persoal do Cristianismo revelado en Xesús (disto temos falado e mesmo case soñado algún proxecto), a súa reflexión estaba rexida por dúas preocupacións centrais. Por un lado, actualizar a comprensión da fe na nova cultura da Modernidade, e, por outro, abri-la á nova universalidade esixida polo diálogo das relixións.

O seu enfoque, que inicialmente puxera un acento forte na Filosofía da Relixión coa fina e aguda tese sobre Henry Duméry (*Hacia una filosofía de la religión cristiana: la obra de H. Duméry*, Madrid 1973), centrouse cada vez máis especificamente na Fenomenoloxía da Relixión: *Introducción a la fenomenología de la religión*, Madrid 1973 é a obra representativa e de grande acollida neste campo. Dalgún modo, cabe ver un resultado sintético desta etapa en *El encuentro con Dios. Una interpretación personalista de la religión* (Madrid 1976).

Tal vez o carácter máis definitorio da súa intención radica no interese por asegurar e fundamentar a plausibilidade e receptividade da fe na cultura actual. Iso fixo que, como lle sucedeu a Caffarena, seu amigo de fe e preocupación (publicaron xuntos *Filosofía de la religión*, Madrid 1973), non se dedicase *in recto* e plenamente á teoloxía en si mesma. Refírome a que é nesta onde se fai a actualización e reinterpretación dos conceptos e da visión xeral do cristianismo, que constitúe un traballo indispensable, xustamente como condición de posibilidade para fundamentar a súa plausibilidade e receptividade. Entre as numerosas publicacións neste campo, cabe citar: *Increencia y evangelización: del diálogo al testimonio* (Madrid 1988), *La transmisión de la fe en la sociedad contemporánea* (Santander 2000), *Pluralismo cultural, pluralismo religioso y educación cristiana* (Madrid 2003).

O libro sobre a Mística (*El fenómeno místico: estudio comparado*, Madrid 1999) representa dalgunha maneira un dos puntos onde se dá a maior converxencia das dúas perspectivas (por certo, que cando tiveron ocasión de informalo sobre o pensamento de Amor Ruibal sobre este tema, lamentou non telo coñecido antes). En todo caso, toda a súa obra reflicte, cunha autenticidade crente e unha honestidade intelectual a proba de toda sospeita, a síntese vital que alimenta o conxunto da súa produción. Quen estea interesado, dispón dunha boa panorámica en: *Homenaje a Juan Martín Velasco* (Estella 2005).

Vista dentro do novo ambiente que para a Igrexa no mundo abriu o papa Francisco, a traxectoria vital e a obra intelectual de Martín Velasco mostran que a secuencia de gloria, miseria e esperanza, suxerida ao principio, non era simple retórica. A que non o sexa, senón que defina unha posibilidade razoablemente fundada, contribuíu en gran medida a súa obra.

**Andrés Torres Queiruga**